



## ACORDO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE BOLSAS DE FORMACIÓN NA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Na sesión que tivo lugar o día 14 de xullo de 2021, a Comisión de Valoración encargada de avaliar as solicitudes das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e Consumo, convocadas pola Orde do 29 de abril de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (Procedemento IN225A) (DOG n.º 92, do 19 de maio de 2021, adoptou, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da dita orde, o seguinte acordo:

Rematado o prazo de presentación de reclamacións, o 13 de xullo, sen terse presentado ningunha, procédese a publicar as listas definitivas de admitidos e non admitidos e a convocar aos vinte primeiros aspirantes con maior puntuación na valoración dos méritos.

Así mesmo, no artigo 12.5 das bases reguladoras establécese que a segunda fase consistirá nunha entrevista. As persoas preseleccionadas serán convocadas, mediante publicación na páxina web da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a realizaren unha entrevista persoal ante a Comisión de Valoración, na sede da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, na que se valorará a súa capacidade de resposta, motivación e iniciativa. De non se presentar a entrevista, entederase que o aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

Por conseguinte, esta comisión elabora a lista dos solicitantes que superaron a primeira fase e que son convocados á realización da entrevista persoal, e na que figura o día e a hora na que terá lugar. A dita lista figura como anexo III deste acordo.

A Presidenta da Comisión de Valoración

Marta López Quintás

Asinada electronicamente

